

**Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**  
**DA XUNTA DE GALICIA**

EXPEDIENTE \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, maior de idade, con DNI/NIE \_\_\_\_\_ e domicilio a efectos de notificación en \_\_\_\_\_, perante esta Consellería comparezo, e como mellor en dereito proceda

**EXPOÑO**

Que foi notificada a esta parte resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social en \_\_\_\_\_ na data \_\_\_\_\_ pola que se declara extinguido o meu dereito a percibir a Renda de Inclusión de Galicia, e se declaran indebidamente percibidos un total de \_\_\_\_\_ euros.

Que considerando dita resolución contraria a dereito e totalmente prexudicial para os meus intereses é polo que, ao abeiro do disposto no artigo 38 da Lei 10/2013 de 2 de novembro de Inclusión Social de Galicia e do artigo 121 d a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente escrito, en tempo e forma, veño a interpor contra a citada resolución **RECURSO DE ALZADA**; que baseo nos seguintes

**MOTIVOS**

**PRIMEIRO-**. Non procede o requirimento de abono dos ingresos supostamente indebidamente percibidos polos motivos que a continuación se expoñen.

**SEGUNDO-**. A resolución recorrida basea a súa decisión de extinción do meu dereito á prestación da RISGA na circunstancia de “ser beneficiaria esta parte dunha pensión ou axuda de carácter público incompatible coa prestación da RISGA”.

Porén, intereso que se procesa á condonación da débeda, debido á situación de vulnerabilidade na que me atopo.

O **artigo 6** da Lei deixa claro que a Renda de Inclusión Social de Galicia *é unha PRESTACIÓN PÚBLICA DESTINADA A GARANTIR RECURSOS ECONÓMICOS DE SUBSISTENCIA A QUEN CAREZA DELES, así como a alcanzar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral.*

Pois ben, parece que a Xefatura Territorial é a primeira en esquecer o fin primordial da RISGA que é precisamente garantir un mínimo vital ás xentes que carecemos de todo recurso económico.

Queda claro que ese mínimo vital, como non pode ser doutra maneira, debe abranguer a comida, evidentemente. Pero tamén a o vestir, as subministracións, a vivenda, etc.

Sen esquecer que a profesional que se ocupou da tramitación e seguimento do meu expediente en ningún momento comunicoume a incompatibilidade da RISGA coa prestación estatal que se me recoñeceu.

Como tampouco me explicitou que debía de comunicar á Consellería á que me dirixo os pagos realizados a esta parte polo SEPE.

A falta de intención defraudatoria ou ocultatoria pola miña parte resulta máis que evidente, interesando se aplique no meu caso, o disposto no artigo 42.2 da Lei 10/2013 de 27 de Novembro de Inclusión Social de Galicia que prevé que procederá a condonación das cantidades indebidamente percibidas.

Polo exposto,

### **SOLICITO:**

Que tendo por presentado este escrito, se sirva admitilo e no seu oportuno mérito, teña por interposto recurso de alzada contra a resolución da Xefatura Territorial desta Consellería en \_\_\_\_\_ recaída no expediente de referencia e tralos trámites que resulten oportunos, dite no seu día, resolución pola que, con íntegra estimación dos motivos do presente, ACORDE deixar sen efecto a resolución recorrida, e deixar se efecto a declaración de ingresos indebidos.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_\_\_